

BASES REGULADORAS DA ADXUDICACIÓN, MEDIANTE SORTEO PÚBLICO, DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE VACANTES NO MERCADO DO SEIXO-TOMIÑO.

1.—OBXETO

É obxecto das presentes bases regular o procedemento para a adxudicación, mediante sorteo público, da autorización municipal para a ocupación do dominio público con destino á instalación de cinco postos de venda ambulante desmontables no Mercado ambulante de Tomiño.

As autorizacións administrativas para a instalación de postos de venda ambulante concederanse exclusivamente no mercado municipal periódico recoñecido no artigo 8 da Ordenanza que se celebra todos os mércores de cada mes en Seixo-Tomiño.

2.—AUTORIZACIÓN MUNICIPAL: NATUREZA XURÍDICA, CARACTERÍSTICAS E CONTIDO

As autorizacións municipais para a venda ambulante terán natureza xurídica de autorización de ocupación de dominio público para a súa utilización especial destinada á prestación de servizos particulares dirixidos ao público, non configurándose como unha concesión administrativa senón como unha utilización de menor entidade que non xera vínculo estable nin dereito no comerciante sobre o dominio público.

A autorización para o exercicio da venda ambulante terán unha vixencia de 5 anos, prorrogables por idénticos periodos, e a súa renovación anual farase no período abranguido entre o 1 de OUTUBRO E O 31 DE OUTUBRO de cada ano, terá carácter individual, persoal e transferibles a outras persoas físicas e xurídicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 72.2 da Lei 13/2010 e polo tempo que reste a finalización do prazo de duración, previa comunicación ao Concello

O concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo intre, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, así como o cumprimento das obrigas establecidas na normativa de aplicación e notificaralles no seu caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír unha infracción da lexislación de defensa da competencia.

3.—POSTOS DE VENDA

A venda deberá realizarse en postos ou instalacións desmontables, instalados na vía pública, segundo o establecido na Ordenanza Municipal, Reguladora da Venda Ambulante, no termo Municipal de Tomiño, cuxa numeración e distribución recóllese nos planos adxunto ás presentes bases, ANEXO I.

Os postos que se licitan e a súas dimensións son os seguintes:



NÚMERO POSTO	ESTADO DO POSTO	M/L	TIPO VENDA
006	VACANTE	6	TEXTIL
009	VACANTE	6	TEXTIL
015	VACANTE	4	TEXTIL
A09	VACANTE	2	ALIMENTACION
A10	VACANTE	4	ALIMENTACION

4.—REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1.—Poderán concorrer a esta licitación as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, consonte coa lexislación mercantil e co establecido na Lei do comercio interior de Galicia, para o exercicio da venda ambulante e non están comprendidas nalgún dos supostos de prohibición sinalados no artigo 60 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, en especial nos seus artigos 159.b) e 178.2.d) e estean exercendo a venda ambulante no momento de entrada en vigor da Ordenanza municipal de venda ambulante do Concello de Tomiño (BOPPO. núm. 155 de 13/08/2018).

Requírese así mesmo do licitador, en caso de persoa xurídica, que os fins sinalados nos seus estatutos ou regras fundacionais, teñan relación directa coa actividade de venda ambulante que se vai exercer.

Así mesmo os proponentes deberán estar dados de alta nos epígrafes correspondentes do Imposto de Actividades Económicas .

2.—Para a obtención da autorización de venda ambulante esíxese o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

b) Estar dado de alta no réximen correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotizacións.

c) Estar ao corrente pago coas administracións públicas : AEAT e facenda Xunta de Galicia

d) Satisfacer ás taxas e/ou tributos fixados na ordenanza municipal correspondente e ao corrente no pagamento das cotizacións,

e) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos que sexan obxecto de venda.

f) Dispoñer en caso de comercializar produtos alimenticios, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.



g) *Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, si se trata de persoas estranxeiras.*

h) *Ás persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asine a solicitude de autorización en representación da empresa.*

i) *Dispoñer de seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 150.000 euros, para responder de posibles danos a persoas ou bens a resultas da actividade autorizada.*

j) *Dispoñer da correspondente autorización municipal que sinalará o obxecto da venda, e que deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente e estará sometida á comprobación previa polo concello do cumprimento polo petionario dos requisitos legais en vigor polo exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o cal está autorizado a venda.*

k) *O titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.*

3.—*A tarxeta de persoa vendedora ambulante, expedida pola Administración Autonómica, logo da inscrición voluntaria no Rexistro Galego de Comercio regulado no artigo 8 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, servirá de acreditación dos extremos requiridos no parágrafo 2.b), f) e g) deste artigo.*

5.-TAXA

Os titulares de licenzas para o exercicio da venda ambulante deberán satisfacer a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con postos, nos termos previstos na ordenanza fiscal aplicable.

6.—SOLICITUDES: FORMA, LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

1.—*As persoas interesadas en tomar parte na licitación dos postos, presentarán a pertinente solicitude, conforme ao modelo de solicitude xeral a disposición dos solicitantes no Rexistro Xeral do Concello de Tomiño en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, mediante modelo normalizado aprobado polo Concello, no que constarán os seguintes datos:*

a) *Nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do documento nacional de identidade e letra de identificación fiscal (N.I.F.), ou do pasaporte en vigor, no seu caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.*

b) *Nº de posto e sector ao que se pretende optar.*



c) Mercadorías ou artigos que serán obxecto da venda.

d) Sinalar se a venda se realizará en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón. Neste último caso indicará as medidas do vehículo.

e) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).

f) **Declaración responsable** na que figurará como mínimo o seguinte: (artigo 17 Ordenanza de venda ambulante ou non sedentaria Tomiño, BOP número 155, de data 13 de agosto de 2018).

- Que esta en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo cuarto a partir do comezo da actividade, así como da esixible acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria.
- Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización
- Que non vai a proceder a venda de artigos diferentes dos solicitados e en todo caso daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de ser o caso, que cumprirá con toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos.
- Que esta dado de alta no epígrafe correspondente no imposto de actividades económicas e ao corrente, de ser o caso, no pago do devandito tributo.
- Que esta ó corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social
- Que esta ó corrente pago das cotizacións da Axencia Tributaria de Galicia, e Axencia Estatal de Admón. Tributaria.
- Que esta ó corrente pago das cotizacións do Concello de Tomiño.
- Que os postos e os produtos de venda reúnen as condicións esixidas pola normativa reguladora dos mesmos para a súa venda ambulante ou non sedentaria.
- Que autoriza ó concello de Tomiño para solicitar as restantes administracións públicas a información precisa para comprobar a veracidade da información facilitada.

2. En calquera caso, a totalidade da documentación sinalada na declaración responsable deberá estar en posesión do comerciante e deberá ser presentada sempre que lle sexa requirida.

3. O prazo de presentación será de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria na páxina Web do Concello de Tomiño.

4. Cando as solicitudes sexan enviadas por correo, en aplicación do disposto no art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío nas oficinas de correos e anunciará a remisión da súa solicitude a Sra. Alcaldesa, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número de fax: 986.622.530. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude no caso de ser recibida



con posterioridade a data da terminación do prazo sinalado no parágrafo anterior das presentes bases. Transcorridos, non obstante, CINCO (5) días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

5. O solicitante tanto se se trata dunha persoa física coma xurídica non poderá formular mais dunha solicitude.

6. A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das cláusulas ou condicións destas bases, sen salvedade ou reserva algunha .

7.—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As bases da licitación, publicaranse na páxina Web do Concello de Tomiño, así mesmo será publicada a adxudicación e calquera outro dato e información relevante referente ao procedemento.

O acceso público efectuarase a través do portal da web municipal: www.tomino.gal.

As presentes bases estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Tomiño, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de autorizacións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas

8.—PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

O procedemento para a adxudicación das autorizacións será o sorteo público.

So se adxudicará unha autorización por solicitante.

O sorteo dos postos, terá lugar o segundo mércores seguinte ao de remate do prazo de presentación das solicitudes, ás doce (12.00) horas, na Casa do Concello, situada na Praza do Seixo número 1-Tomiño.

O antedito acto será debidamente anunciado no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Tomiño.

O sorteo realizarase coas adecuadas garantías de imparcialidade, transparencia e obxectividade correspondentes.

Os solicitantes dos postos deberán comparecer ao dito acto para elixir posto, persoalmente ou mediante un representante acreditado por escrito (Anexo III -modelo de representación), non admitíndose acreditacións verbais.

Cada solicitude numerarase por orde correlativa ao número do rexistro de entrada de documentos que lle corresponde, confeccionando unha lista pública de solicitudes.

Introduciranse nunha urna tantos números como solicitudes se presentasen.



Extraeranse sucesivamente os números introducidos e, nese mesmo acto, o solicitante ao que lle correspondese o número extraído deberá elixir o posto entre os dispoñibles.

De non concorrer ao acto o solicitante ao que lle corresponda o número extraído ou o seu representante debidamente acreditado, ou de non ter interese nos postos dispoñibles, seguirase coa extracción de números ata a asignación dos 5 postos ofertados.

O sorteo, determinará aqueles solicitantes, que adquirirán o dereito a obter unha autorización de venda.

Logo de adxudicarse os 5 postos dispoñibles, seguirase coa extracción de números a fin de confeccionar, con todas as solicitudes que se presenten, un listado de suplentes, co fin de que, en caso de renuncia ou vacantes, se ofrezca aos mesmos a posibilidade de obter unha autorización de venda.

Os que xa conten con posto poderán participar no sorteo pero antes de aceptar o novo posto deberán renunciar expresamente o que xa teñen adxudicado, quedando ese posto como vacante e será incluído no sorteo.

9.— FORMALIZACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

1.— Unha vez asinados os postos vacantes no sorteo, e como trámite previo ao outorgamento da licenza, os solicitantes, co obxecto de obter a mesma, deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles, desde que reciban a notificación, a seguinte documentación:

a) Copia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitario, respectivamente.

b) Alta no epígrafe do Imposto de Actividades Económicas e certificado de atoparse ao corrente no pagamento da correspondente cota ou cotas.

c) Xustificante do pagamento da taxa municipal do período que reste ata o primeiro semestre do exercicio.

d) Copia da póliza e xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil contratado para responder dos posibles danos derivados do exercicio da actividade, cunha cobertura mínima de 150.000 Euros.

e) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios deberase acompañar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.

f) Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretenda utilizar, así como do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco.



g) Unha fotografía do solicitante tamaño carné.

h) No caso de persoas xurídicas presentaranse os TC2 nos que deberán figurar as persoas que exerzan a actividade.

i) No caso de cooperativas deberán comunicar a relación das/os cooperativistas que exercerán a actividade, con indicación do posto outorgado, que deberán reunir os requisitos legalmente establecidos para o exercicio da venda ambulante.

Unha vez presentada a documentación, formalizarase a corresponde autorización de venda ambulante

10.—PRAZO MÁXIMO PARA RESOLVER

O prazo máximo para resolver será de tres (3) meses a contar desde o día seguinte á finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

11.—COBERTURA DE VACANTES

Cos solicitantes que non obteñan posto, confeccionarase igualmente unha listaxe que inclúa todas as solicitudes presentadas, que quedarán colocadas por orde de prelación, co fin de que, no caso de renuncia ou vacantes, se ofrezca aos mesmos a posibilidade de obter unha autorización de venda.

A proposta de adxudicación dos postos vacantes ao longo da vixencia da bolsa será notificada ao interesado, seguindo a orde da bolsa, quen manifestará a súa aceptación nun prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende a data seguinte á de recepción da notificación, entendéndose decaído no seu dereito en caso de non aceptarse.

Non serán admitidas novas solicitudes ao longo da vixencia de dita bolsa debendo, unha vez concluída a vixencia da mesma, convocar un novo procedemento de adxudicación dos postos vacantes

12.—EXPOSICION DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL

As persoas que exerzan o comercio ambulante deberán ter exposto en forma facilmente visible e lexible para o público, o documento no que conste a autorización municipal e os seus datos persoais, así como una dirección para a recepción de posibles reclamacións. O Concello proveerá a cada comerciante vendedor ambulante dunha tarxeta de identificación que deberá ser mostrada en calquera momento que sexa requirida por axente de policía ou autoridades. A tarxeta será confeccionada polo Concello e permitirá o almacenamento dos seguintes datos:

1) Nome e apelidos do vendedor titular/representante.

2) DNI ou Pasaporte do vendedor titular e dos representantes.



- 3) *Domicilio fiscal do titular.*
- 4) *Fotografía tamaño carné do titular/representante.*
- 5) *Produto autorizado a venda.*
- 6) *Período de vixencia da licenza.*
- 7) *Lugares de venda.*
- 8) *Número de metros do posto.*
- 9) *Número do posto.*

13.—RESPONSABILIDADE CIVIL

Cada adxudicatario será responsable dos danos e perxuizos que se causen a terceiros como consecuencia da actividade de venda ambulante sometida a licenza, debendo contar co correspondente seguro de responsabilidade civil, que cubra suficientemente os riscos derivados da súa actividade, póliza que deberán presentar para facer efectiva a adxudicación de cada autorización de instalación de postos de venda ambulante no mercadiño semanal.

Cada adxudicatario será responsable dos actos ou feitos que se deriven do exercicio da súa actividade mercantil.

14.—DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

A duración máxima das autorizacións, reguladas nesta convocatoria, será de 5 anos naturais, segundo a regulación contida no artigo 15, da Ordenanza Municipal, Reguladora da Venda Ambulante, no Termo Municipal de Tomiño.

15.—EXTINCIÓN AUTORIZACIÓNS

A extinción das autorizacións, reguladas nesta convocatoria, farase segundo o establecido no artigo 20, da Ordenanza Municipal, Reguladora da Venda Ambulante, no termo Municipal de Tomiño.

As autorizacións outorgadas serán revocadas polo incumprimento sobrevido dos requisitos establecidos no regulamento municipal, ou polo falseamento da documentación presentada xustificativa do cumprimento dos requisitos sinalados, así como por motivos de interese público debidamente xustificados ou a desaparición das circunstancias que as motivaron sen que por elo xere dereito a indemnización e/ou compensación algunha.

16.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS



O réxime de infraccións e réxime sancionador aplicable, será o indicado na Ordenanza Municipal, Reguladora da Venda Ambulante, no termo Municipal de Tomiño.

17.—RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación o disposto na Lei de Comercio Interior de Galicia e, subsidiariamente, Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante, no termo Municipal de Tomiño.

18.—IMPUGNACIÓN

Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados, ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 112.1 e 123 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

